

## CIRCULAR REPARTO DE MÁSCARAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

### Norma

*ORDE do 28 de outubro de 2021 pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería, así como en centros privados concertados, no curso 2021/22 (código de procedemento ED330E).*

### ALUMNADO DESTINATARIO

#### **a) Non ten que presentar solicitude:**

*O alumnado beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-2022.*

#### **b) Ten que presentar solicitude:**

*O alumnado que non foi beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-2022 que cumpra algunha das seguintes condicións:*

- *Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6000 euros.*
- *Alumnado matriculado en educación especial.*
- *Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.*
- *Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.*

**PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES** (*Só alumnado non beneficiario da axuda de material escolar*)

- *Solicitude de forma **presencial na secretaría do Instituto.***
- *Prazo: **do 15 ao 26 de novembro de 2021.***

*As **listaxes de admitidos e excluídos** faranse públicas no taboleiro da Secretaría do Instituto nas seguintes datas:*

- *Publicación da **listaxe provisional** de admitidos e excluídos: **29/11/21***
- ***Prazo de reclamación** sobre as listaxes provisionais: **30/11/21 e 1/12/21***
- *Publicación da **listaxe definitiva** de admitidos e excluídos: **02/12/21***